

7 - Novembro - 1980

La «Asociación de Escritores» respetará la dimisión de su vicepresidente

SANTIAGO. — (De nuestra Delegación).

Ante la noticia de la dimisión del escritor Carlos Casares como vicepresidente de la «Asociación de Escritores en Lingua Galega», la junta directiva de la misma hizo pública una nota en la que asegura que «respetará a decisión do citado escritor, por considerala normal dentro do proceso de posta en marcha desta iniciativa na que moita xente confía, e especialmente porque Casares, segundo manifesta na carta que lle remitíu ao presidente, afirma que o fai por razóns personais».

La junta directiva se siente en la obligación de desmentir rotundamente que la Asociación hiciera hasta el momento «pronunciamientos políticos», «A Asociación —señala el comunicado— soio fixo pública hai algúns meses unha nota, que fora previamente refrendada pola asamblea nunha xuntanza de Santiago, na que mostraba a súa preocupación pola detención dun dos seus asociados, o escritor Xosé Luis Méndez Ferrín, sin que elo prexuzgase un posicionamiento político determinado». Dicen más adelante: «a xunta directiva é consciente, porque así o especifican os estatutos e porque éste é o mandato recibido da asamblea na que os seus membros foron elexidos democráticamente, de que os fins aos que tende a asociación están exclusivamente vencellados coa defensa profesional do escritor e coa defensa do seu labor creativo, na dinámica do proceso de normalización cultural e lingüística polo que loitan tódolos asociados desde hai bastantes anos

uns, e desde hai algúns anos outros».

Añaden que «nunca esta Asociación tivo entre os seus obxectivos a incidencia directa na cuestión política do país, e ten por seguro que para esto naceron as diferentes organizacións políticas que coexisten en Galicia». Después apuntan en la nota: «Entre o cento de escritores que pediron a entrada na Asociación, polo demáis, atópanse personas de tódalas tendencias ideolóxicas dentro do amplo espectro da intelectualidade e da cultura de Galicia. Esta pluralidade de opcións, que se refieren a única e exclusiva liberdade individual de cada asociado, conviven xa no seo da Asociación á que representamos. Pola nosa parte, como componentes da xunta directiva, na que están representadas polo demáis todas estas tendencias, reiterámonos no respecto debido ao personal posicionamento político e ideolóxico de cada asociado, e tamén, xa no terreo propio da Asociación, en favorecer e potenciar a necesaria concordia entre uns e outros na perspectiva do escritor e da súa obra creativa, co compromiso de facer madurar progresivamente a necesaria relación entre o escritor galego e a sociedade na que desenrola o seu labor de creación. Somentemente así a Asociación de Escritores en Lingua Galega pode conquistar os obxectivos que se especifican, nos estatutos, polo que ningún escritor galego en principio tería razóns convincentes para sentirse voluntariamente alleo a un proxecto colectivo de tales características».